

**CONCELLO
DE VIGO**



**SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A
PROMOCION DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2020/2021
OU 2021 NO CASO DE TEMPADA ANUAL**

**ANEXO I
SOLICITUDE DE SUBVENCION (Páxina 1 de 2)**

Datos da entidade solicitante

Nome:	
CIF:	Modalidade deportiva:
Enderezo:	Código postal:
Tel. 1:	Tel. 2:
Enderezo electrónico a efectos de notificación:	

Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos:		DNI
Enderezo:		Código postal:
Tel.1:	Tel. 2:	Enderezo electrónico:
Cargo que ocupa:		

Datos para efectos de notificación:

Todas as notificacións realizaranse por medios electrónicos. Poderase acceder á notificación co certificado dixital asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida:

- Correo electrónico:
- Teléfono móbil:

ACEPTO o emprego do correo electrónico e/ou teléfono móbil indicado/s para o envío dun aviso de notificación da posta a disposición das notificacións.

SOLICITA da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, unha subvención por importe de _____ (esta convocatoria establece un límite de concesión entre 200 € e 1.500 €) pola actividade de fomento do deporte feminino desenvolvida pola entidade durante a tempada deportiva 2020/2021, ou 2021 no caso de modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

**ANEXO I
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN (Páxina 2 de 2)****Documentación que se achega coa solicitude:**

- Anexo II: certificado das competicións e categorías nas que participan as deportistas da entidade, na que conste o sexo e o persoal adestrador, técnico e delegado.
- Anexo III: orzamento equilibrado de ingresos e gastos.
- Anexo IV: declaración responsable.
- Anexo V: acreditación da composición da actual xunta directiva.
- Certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste o nº de licencias por categoría e sexo na tempada de referencia.
- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificado da titularidade da conta bancaria actualizado.
- DNI da/o presidenta/e da entidade.
- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino.

Protección de datos:

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Vigo, _____ de _____ de 2021	Sinatura da/o presidenta/e
------------------------------	----------------------------

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO